

CORO CRECENTE DE VOCES GRAVES

A Asociación Musical e Cultural Crecente comezou a súa andaina no barrio de Conxo en abril de 2019 por iniciativa de varios coristas participantes na montaxe da ópera *La Traviata*.

O coro está formado actualmente por 26 voces graves, organizadas en catro cordas. Desde o seu inicio Crecente mantén unha intensa actividade participando en numerosos certames e ofrece concertos centrados na posta en valor do repertorio musical galego.

O seu repertorio abarca unha ampla variedade de xéneros, incluíndo a emotividade da música sacra, a alegría das panxoliñas galegas e o encanto nostálgico das habaneras, ademais da rica tradición da música popular galega.

Dirixe este grupo con moito entusiasmo e dedicación, compostelán e músico recoñecido pola súa paixón pola arte coral.

CORAL SOLFA

A Asociación Cultural-Musical Solfa fundouse no barrio das Fontiñas en 1997. Centrou o seu traballo na formación musical da mocidade e no goce coa música, sempre co propósito de contribuír a reforzar e revalorizar a nosa cultura e a normalizar o noso idioma. O froito do traballo destes anos deu vida á Coral Solfa.

Con máis de 100 pezas, o repertorio da coral bebe da música tradicional galega e portuguesa e de textos de escritoras/es galegos e da lusofonía: Rosalía, Pondal, Curros Enríquez, Francisco Añón, Cabanillas, Manuel María, Fiz Vergara, Fernando Lopes Graça... No ano 2023 gravou un CD contribuíndo, así, a difundir e enriquecer a música galega.

Dirixe a coral
Francisco Xavier Freire Chico

Repertorio:

Páxaro que vas voando

Tradicional

Harmonización de
Julio Domínguez

Ao pasar por Camariñas

Tradicional

Harmonización de
Pablo R.

Negra Sombra

Poema de Rosalía de Castro

Música de Xoán Montes

Dirixe a coral
David Lojo Ces

Repertorio:

Maria Soliña

Poema de Celso Emilio Ferreiro

Música de

Carlos Núñez e Teresa Salgueiro

Arranxos de

Francisco Tobar Cereijo

Fisterra

Tradicional

Arranxos de

Francisco Tobar Cereijo

A Costureira

Tradicional

Arranxos de

Francisco Tobar Cereijo

CONCERTO das LETRAS GALEGAS 2025



CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS 2025

16 de maio de 2025 · 20:00h · Teatro Principal

A celebración das *Letras Galegas 2025* homenaxea sete cantareiras e pandeireteiras autoras de música tradicional de transmisión oral. Elas representan mulleres e homes que ao longo dos séculos mantiveron a nosa tradición até facérenas chegar aos nosos días. Mais este festexo debe esporear tamén a reflexión crítica. Ofrecer como tradición textos que non están en galego é deixar fóra o contexto de subordinación que viviu e vive a nosa lingua e, así, falsear a realidade. A nosa tradición musical está na base da nosa identidade cultural e debe servir para recuperarmos o orgullo de termos unha cultura diferenciada expresada na nosa lingua propia e orixinal.

A conmemoración das *Letras Galegas* é tamén unha exaltación da lingua, pois esta é a base da literatura. As e os artistas actuais deben ofrecer dos textos tradicionais unha lectura á altura do proceso de normalización do noso tempo e desbotar deformacións e interferencias que converten o galego nun dialecto.

Debemos pór en valor o noso patrimonio musical; a súa riqueza e variedade ben merecen a nosa dedicación e o noso afecto. A música galega non pode constituír un “toque local” no repertorio das corais; debe gozar dun status substancial, estrutural como elemento dinamizador esencial da nosa cultura.

O **CORO ASUBÍO** fundouse en 2011 baixo a batuta de Rubén Pego para reunir voces que levaban tempo cantando xuntas noutras agrupacións musicais e, paseniño, foi engadindo novos membros até acadar os 22 compoñentes na actualidade.

O repertorio que interpreta a coral é moi diverso, desde polifonía renacentista e clásica até pezas actuais e populares galegas.

As súas actividades desenvólvense no territorio galego, en distintos certames de corais e actuacións na vía pública. Tamén colabora con asociacións sen ánimo de lucro mediante actuacións solidarias en hospitais, centros de idosos e festivais benéficos. Desde o ano 2015 colabora no marco de actividades ofrecidas polo Ateneo de Santiago de Compostela.

Dirixe a coral
Cristian Losada Matías

Repertorio:

Non te cases na Coruña

Tradicional galega
Arranxos de
Christian Losada Matías

Compañeira

Letra e música de X. L. Rivas “Mini”
Arranxos de
Christian Losada Matías

Unha noite no muíño

Tradicional galega
Arranxos de
Christian Losada Matías

A **CORAL PONTE MANTIBLE** nace en setembro de 2002 coa intención de fomentar a música popular no barrio da Guadalupe e a súa contorna. O repertorio desta coral componse preferentemente de cancións populares galegas, habaneras, algunha peza dos músicos de palacio dos séculos XV, XVI e tamén música relixiosa.

Na actualidade componse de 28 membros de idades comprendidas entre os 50 e 75 anos.

A **CORAL AMIGOS DO CASTIÑEIRIÑO** fundouse dentro da Asociación Amigos do Castiñeiriño no ano 2005. Actualmente conta con 25 voces mixtas. Nestes vinte anos, a coral Amigos do Castiñeiriño participou en moitos eventos, sendo os máis recentes: Certame de corais do Castiñeiriño, Banquete de Conxo, Cantos Corais da Ascensión, Panxoliñas de Nadal no Teatro Principal e Concerto de Corais de primavera no centro sociocultural de Aríns.

Dirección musical a cargo de
Malena Pazos Pintor

Repertorio:

Os teus ollos

Poema de Manuel Curros Enríquez
Música de
J. Castro “Chané”

A Consuelo foi ao muíño

Letra e música tradicional

Foliada de Compostela

Foliada popular
Arranxos de
José Marino “Santeiro”

Dirixe a coral
Andrea Torrado

Repertorio:

Desfeita Galega

Tradicional
Popularizada pola Roda

O Voso Galo, Comadre

Tradicional galega
Arranxos de *Miguel Groba*

O Aradiño

Poema de Manuel María
Música de Antón Campelo
e Fuxan os ventos